

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS DA ANTIGÜIDADE

(Aprobado pola comisión académica do máster o día 17 de outubro de 2011)

Tendo en conta a RR do 2 de abril de 2007, que desenvolve o Regulamento de estudos de posgrao, o Regulamento dos estudos oficiais de posgrao, aprobado polo Consello de Goberno de 7 de xuño de 2006, e a RR do 11 de decembro de 2009, que regula os traballos fin de Máster, a Comisión Académica do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade é competente para propoñer un regulamento de réxime interno.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1º

- **1.1.** O presente Regulamento de réxime interno do Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade é a norma na que se establecen as disposicións destinadas a regular a organización e o funcionamento do Master citado.
- **1.2.** O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade e demais normas legais e regulamentarias da USC, así como do resto do ordenamento xurídico que sexa de aplicación.

Artigo 2º

Segundo o presente regulamento, os órganos de goberno e administración do Máster universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade son os seguintes: *a Comisión Académica, o Presidente da Comisión Académica, o Coordinador ou Coordinadora do Master e o Secretario da Comisión Académica.*

CAPÍTULO II. Da Comisión Académica

Artigo 3º

A Comisión Académica é o órgano colexiado de goberno do Máster. Como tal, esta ocuparase de todas as funcións de tipo académico necesarias para o desenvolvemento do programa que non sexa competencia de ningún outro órgano da USC.

Artigo 4º

A Comisión Académica ordinariamente actuará en Pleno. Poderán crearse, ademais, comisións de traballo da Comisión, nas que esta non poderá delegar facultades decisorias.

Artigo 5º

Renovación da Comisión Académica

- **5.1.** A Comisión Académica renovará aos seus membros pertencentes ao sector de PDI cada dous anos. A tal efecto, o presidente da comisión solicitará dos departamentos e institutos involucrados, de entre os profesores que impartan docencia no Master, a designación do número de membros que lles corresponden de acordo co criterio recollido no art. 6 do presente regulamento.

- **5.2.**
 1. Cada ano procederase á renovación dos representantes de alumnos na Comisión Académica do máster. A dita renovación farase mediante sufraxio electoral directo e segredo, ao que poderán concorrer como candidatos os alumnos matriculados nalgunha das materias do máster.
 2. O presidente da Comisión Académica convocará eleccións cun prazo de sete días lectivos de antelación á votación e abrirá un prazo de presentación de candidatos de dous días.
 3. Os candidatos que obteñan un maior número de votos serán nomeados polo presidente da Comisión Académica o seguinte día hábil á celebración das eleccións.
 4. No caso de que o número de candidatos non excedese ao de postos na Comisión Académica, o Presidente da Comisión poderá nomear membros da Comisión Académica aos candidatos sen necesidade de celebrar a votación.

Sección 1ª: Da composición e funcións do Pleno

Artigo 6º

6.1. O Pleno da Comisión Académica terá a seguinte composición (segundo o artigo 4 da R.R. do 2 de abril de 2007):

O decano da facultade de Xeografía e Historia ou persoa que designe,
que presidirá a Comisión Académica

O coordinador ou coordinadora do programa.

Responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos da facultade de Xeografía e Historia.

10 membros máis que atenderán aos seguintes criterios:

- 5 profesores do departamento de Historia I e 3 do departamento de Latín e Grego.

- Os representantes do profesorado deberán impartir docencia no Programa.
- Dous estudantes do programa.

6.2. As funcións de Secretario ou Secretaria da Comisión Académica do Máster serán asumidas por un membro PDI elixido pola Comisión Académica a tal efecto.

Artigo 7º

Son competencias da Comisión Académica as seguintes

- a) Informar as solicitudes de acreditación de competencias dos alumnos matriculados no Máster.
- b) Determinar as materias de nivelación ou créditos de formación adicional que deberán realizar os estudantes matriculados nun Máster en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa e se permita cursalos simultaneamente co Máster.
- c) Aprobar a programación docente dos módulos ou materias dos títulos que organiza o programa.
- d) Aprobar criterios homoxéneos para a avaliación dos módulos/materias e resolver os conflitos que de ser o caso se puidesen presentar.
- e) Aprobar o PDA das titulacións que organiza o programa, segundo os criterios que, de ser o caso, se establezan polo Consello de Goberno da USC.
- f) Informar a proposta de prazas ofertadas para os títulos de máster oficial que se organicen nos programas.
- g) Elevar proposta de modificación, e/ou suspensión do Programa, ao Consello de Goberno.
- h) Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o desenvolvemento do programa e que non recaesen en ningún outro órgano da USC.

Sección 2ª: Do funcionamento do Pleno

Artigo 8º

- **8.1.** O Pleno da Comisión Académica reunirse cando sexa convocado nos termos que sinala este capítulo. En todo caso, terá que reunirse en sesión ordinaria e en período lectivo polo menos tres veces ao ano.
- **8.2.** Ademais das reunións ordinarias, o Pleno da Comisión poderá reunirse con carácter extraordinario cando o decida o Presidente por propia iniciativa, ou a solicitude dun mínimo dun terzo dos membros do Pleno. Os solicitantes deberán indicar o punto ou puntos que serán incluídos na orde do día sesión.
- **8.3.** As sesións da Comisión deben celebrarse en días lectivos. Os Plenos ordinarios non se celebrarán en datas de exames oficiais ordinarios.

Artigo 9º

- **9.1.** A convocatoria da Comisión Académica corresponde ao Presidente ou persoa en quen delegue. A dita convocatoria deberá conter os puntos a debater na sesión.
- **9.2.** Para que a convocatoria teña efecto deberase poñer en coñecemento de todos os membros da Comisión Académica por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción.

A convocatoria efectuarase con carácter xeral por correo electrónico, agás acordo en contrario, dirixidas ao enderezo electrónico institucional dos membros salvo que estes con coa debida antelación comuniquen ao secretario outro enderezo.

Nesta farase constar xunto coa orde do día, a data, hora e lugar de celebración da reunión.

- **9.3.** As convocatorias serán remitidas aos membros da comisión cun prazo mínimo de corenta e oito horas de anticipación. No suposto de remisión por correo electrónico entenderase practicada en prazo si con esa antelación están no correo a disposición do receptor.

Artigo 10º

- **10.1.** A orde do día será elaborada polo Presidente, asistido polo Secretario/a
- **10.2.** Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente soliciten por escrito un terzo dos membros do Pleno.

Artigo 11º

A Comisión Académica constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia de alúmenos a metade dos seus membros mais o Presidente e o Secretario ou quen legalmente os substitúa, e en segunda convocatoria, trinta minutos despois, sempre que estean presentes tres membros da comisión e mais o Presidente, o Secretario ou quen legalmente os substitúa.

Artigo 12º

- **12.1.** A Comisión Académica será presidida polo seu Presidente, e asistido polo Secretario da mesma.
- **12.2.** As decisións adoptaranse por maioría, e, no caso de empate, o Presidente decidirá co seu voto de calidade.

Artigo 13º

- **13.1.** En caso de ausencia de Presidente, ou persoa na que delegue, presidirá a Comisión Académica o coordinador, de non estar o coordinador actuara como presidente o PDI de maior xerarquía, antigüidade e idade por esta orde.
- **13.2.** En ausencia do Secretario, será substituído polo membro da comisión pertencente ao sector do PDI de menor idade, sempre que non ostente a presidencia ou coordinación do programa.

Artigo 14º

- **14.1.** O Presidente ou a persoa na que delegue dirixirá e ordenará o desenvolvemento das sesións velando por que os debates se efectúen de forma áxil, completa, respectuosa e de forma que tódolos membros da Comisión poidan expoñer as súas posicións e facer valer os seus dereitos.
- **14.2.** Os membros da Comisión teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.
- **14.3.** Nos supostos de excesiva duración do Pleno da Comisión Académica, a xuízo do seu Presidente, poderase dispoñer a interrupción da sesión momentaneamente reanudándose no mesmo día ou ao día seguinte. De non ser posible a súa reanudación no día seguinte deberá convocarse unha nova reunión fixando a data e hora nun prazo que en ningún caso será superior a sete días.

Artigo 15º

- **15.1.** As decisións da Comisión Académica adoptarán a forma de acordos nas materias da súa competencia e serán executadas polo Presidente.
- **15.2.** A execución dos acordos realizarase polo seu presidente e serán susceptibles de recurso de alzada diante o Reitor.

Artigo 16º

- **16.1.** Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta. Poderanse adoitarse acordos sobre asuntos que non figurasen na orde do día se estando presentes todos os membros declarasen a súa urxencia co voto favorable da maioría.
- **16.2.** As votacións no Pleno serán públicas e a man alzada, ou secretas. Serán secretas cando sexan relativas á elección de persoas, o requira a natureza do asunto a tratar, ou previa solicitude, como mínimo, de calquera dos membros da Comisión Académica.
- **16.3.** Calquera membro da Comisión poderá:
 - a) Solicitar a inclusión da súa intervención nas actas sempre que na sesión ou no prazo que lle sinala o presidente, aporte texto completo e este coincida co a súa intervención
 - b) Cando discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, voto que se incorporará a acta
 - c) Presentar cuestións sobre asuntos que non estean na orde do día, de carácter informativo, que serán lidas, previo achegamento do texto ao secretario e sen que sobre as mesmas poida adoitarse acordo algún.

Artigo 17º

Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado, nin por correo.

CAPÍTULO III. Do Presidente ou Presidenta

Artigo 18º

O Presidente ou Presidenta, exerce a presidencia da Comisión Académica e executa os seus acordos.

Artigo 19º

- **19.1.** Son competencias do Presidente:
 - a) A convocatoria e dirección das reunións da Comisión Académica e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
 - b) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Comisión.
 - c) A dirección da política académica do Máster.
 - d) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no Máster.
 - e) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
 - f) A garantía de publicidade de tanta documentación sexa necesaria para unha mellor información dos membros da Comunidade Universitaria
 - g) O fomento das relacións coa sociedade
 - h) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade ou a lexislación universitaria.
 - i) Dirixir a renovación dos membros da Comisión Académica.
- **19.2.** O Presidente non poderá delegar as competencias previstas nos puntos h) e i) do apartado anterior

CAPÍTULO IV. Do Secretario ou Secretaria

Artigo 20º

O Secretario da Comisión Académica dá fe dos actos e acordos da Comisión Académica

Artigo 21º

- **21.1.** En cada acta deberán figurar inescusablemente as seguintes mencións:
 - a) As circunstancias de tempo e lugar de celebración.
 - b) Os asistentes a reunión así como as ausencias xustificadas.
 - c) A orde do día.
 - d) Os puntos principais das deliberacións
 - e) Os acordos e recomendacións, especificando se foron adoptados por asentimento ou votación e, no seu caso, se o foron por maioría ou unanimidade

facéndose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.

- **21.2.** As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Comisión Académica. A proposta de acta lerase na sesión ou remitirase o poñerase a disposición a proposta cun mínimo de 48 horas antes da reunión na que se someta a aprobación.
- **21.3.** Logo de aprobada, cada acta será asinada polo Secretario, ou quen fixese as súas veces na sesión na que se aproba, co visto e praxe do Presidente da sesión.

Artigo 22º

Só darán fe dos acordos e recomendacións da Comisión Académica as certificacións que, por orde do Presidente, expida o Secretario da Comisión. Poderanse expedir certificacións:

- a) De oficio, por requirimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Santiago, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
- b) A instancia dos membros da Comisión Académica.
- c) A instancia de calquera interesado.

Nas certificacións emitidas con anterioridade a aprobación da acta farase constar esta circunstancia.

CAPÍTULO V. Da coordinación do máster

Artigo 23º

23.1. O coordinador do Máster:

1. Será o responsable de liderar e organizar o Master e o funcionamento da Comisión
2. Exercerá a coordinación das actividades e dos coordinadores de materias ou módulos nos que se organiza o máster.
3. Coordinará aos distintos departamentos e empresas colaboradoras na impartición do plano de estudos do máster.
4. Establecerá as reunións periódicas que sexan necesarias para a harmonización dos contidos, metodoloxías e sistemas de avaliación previstos no plano de estudos.
5. Coordinará os procesos de avaliación da calidade do programa.
6. Coordinará a información cos servizos correspondentes de xestión da oferta e de xestión académica.
7. Difundirá entre o profesorado do programa calquera información relativa á xestión do Master .
8. Asinará as actas xunto cos responsables das materia, nos casos que proceda.
9. Informará aos Departamentos para a elaboración do POD.
10. Calquera outra función que lles sexa asignada polos órganos competentes.

23.2. Será á comisión académica a encargada da elección do Coordinador/a entre un dos seus membros pertencentes ao sector do PDI co título de doutor e dedicación exclusiva na universidade, segundo se recolle no artigo 5 da RR de 2 de abril do 2007.

23.3. Por analogía co establecido nos Estatutos (art. 72.3) sobre os órganos unipersoais, o mandato do coordinador será de catro anos e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

Artigo 24º

24.1. Cada materia ou cada módulo nos que se organiza o plano de estudos do máster poderá contar cun coordinador, que terá que ser profesor dalgunha das materias , e actuará a efectos organizativos internos.

24.2. Serán funcións do coordinador:

- a) Analizar o contido dos programas formativos .
- b) Velar pola coordinación entre profesorado e no seu caso, empresas/ co fin de adecuar os aspectos metodolóxicos e detectar posibles lagoas ou duplicidades tendo en conta o planificado no plano de estudos.
- c) Outras que lle sexan delegadas polo coordinador do máster ou pola propia comisión académica.

CAPÍTULO VI. Da Reforma do Regulamento

Artigo 25º

- **25.1.**A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo Presidente ou mediante proposta asinada por un terzo dos membros da Comisión Académica.
- **25.2.**As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, acompañaranse á convocatoria do Pleno da Comisión Académica na que sexan debatidas debendo darse un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración do Pleno. O debate e votación das mesmas terá lugar no Pleno da Comisión Académica.
- **25.3.** Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta do Pleno da Comisión Académica. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación. De non acadar a proposta a maioría absoluta considerarase refutada, e non poderá volver a presentarse ata que transcorra un prazo de dous anos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para calquera cuestión relativa ao procedemento electoral recollido no presente regulamento non especificamente previstas no mesmo, estarase ao disposto no *Regulamento electoral xeral da USC*.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno.